


CORREDOIRA

e



**OBRA: S. Bernardino
de Siena**

AUTOR:
Xesús R.
CORREDOIRA (Lugo,
1887 - Santiago de
Compostela, 1939)


Copia da obra orixinal
realizada polo Greco
(Creta 1541 -Toledo,
1614)

Localización da obra no
museo: ●

Escaleira principal de
acceso á primeira planta

Durante o mes de
novembro : proxección
de videos sobre a obra
do GRECO
(colaboración do Museo
del Greco, Toledo)

Sala 17-CORREDOIRA



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMERA



Cultura e Turismo



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

O GRECO

Co gallo da celebración do IV centenario da morte do Greco e tendo en conta a súa influencia en Xesús R. Corredoira, entre outros moitos artistas a cabalo entre os séculos XIX e XX, queremos salientar a produción pictórica de Corredoira inspirada nese pintor manierista, tamén a cabalo entre dous séculos: XVI e XVII.

O Greco (Creta 1541- Toledo 1614) revolucionou o tradicional mundo da arte e creou un estilo orixinal, inconfundible, moderno e atemporal. Tiveron que pasar séculos para que a súa obra, en pleno s. XIX, fora reconsiderada e apreciada, primeiro por artistas que descubrían a súa xenialidade e logo tamén por escritores e intelectuais que, a principios do s. XX, xa o empezaban a considerar como un "precursor das vanguardas". Desde entón foi estudiado, interpretado e seguido por moitos creadores que se inspiraron nas súas formas, composicións, cores etc. sendo, xunto con Velázquez e Goya, o artista máis influínte na arte contemporánea. Recentes exposicións e revisións realizadas por especialistas insisten na súa influencia na pintura moderna, especialmente no cubismo e nos movementos expresionistas e surrealistas e tamén nas figuracións das décadas dos cincuenta e sesenta. Así, a súa pegada pode apreciarse en Picasso, Pollock, Cézanne, Manet, Kokoschka, Beckman, Orozco, Matta, Bacon, Giacometti e/ou Chagall.

Xesús R. Corredoira (Lugo 1887- Santiago 1939)

Na súa produción artística hai un salto importante, a partir de 1910, cando abandona o luminismo dos seus mestres Plá e Sorolla e se entrega a unha pintura íntima, subxectiva, espiritual, na liña da España negra da xeración do 98, pero con outras inspiracións estéticas más de corte neomedieval, influídas polas crenzas relixiosas e a tradición galega cuxo resultado é ese característico primitivismo formal. Todo iso mesturado co propio misticismo do Greco, en quen se inspira para o canon alargado das súas figuras, as caras ovaladas e o dominio da liña curva. Nesta época, usa unha paleta de tons escuros predominando o negro. Destaca a gran expresividade das súas figuracións, tanto nos temas como nas formas, cunha estética premeditadamente arcaizante e non obstante, moderna. O paralelismo de Corredoira co Greco vénlle, ademais dunha admiración persoal que lle fai realizar copias dalgunha das súas obras, por esa pintura espiritual case mística con predilección polas escenas bíblicas, retratos, paisaxes, polas características formais alargadas das figuras, a estilización xeral, o uso de cores e fondos e, finalmente, por ese persoal expresionismo que deu en destacarse no Greco nas súas derradeiras obras (exemplo: *Laocoonte*).

A obra de Corredoira, exposta na escaleira de acceso á primeira planta, representa unha copia de *San Bernardino de Siena*, orixinal realizado polo Greco en 1602, encadrado cultural e estilisticamente no Manierismo que procede do Colexio San Bernardino (Madrid) e se conserva no Museo do Greco (Toledo) depositado polo Museo do Prado.

A copia de Corredoira ten igual formato e medidas que a orixinal, agás que a do Greco estaba inserida nun retablo, dedicado a san Bernardino, encargado en 1603 por Juan Bravo de Acuña e Luís de Beluga para a capela do antigo Colexio Universitario de San Bernardino en Toledo. No século XIX foi separado do soporte, enviando o lenzo ao Instituto de segunda ensinanza (Palacio de Lorenzana), de aí esa forma de arco na parte superior produto da adecuación ao marco orixinal.

Na composición, ademais do primeiro plano do personaxe a corpo entero, destaca o punto de vista baixo que aumenta máis, se cabe, esa estilización da figura, seguida tamén nas mans e no rostro alargados xunto cos ollos amendoados tan característicos do Greco. Tamén o fondo presenta, na parte inferior, unha paisaxe afastada que lle dá profundidade á escena ao tempo que potencia a figura do santo e na parte superior unha gama de grises/marróns ao xeito doutras obras do Greco como *As lágrimas de San Pedro*, *Juan. O apóstolo ou o evanxelista*, *A Magdalena*, *Cristo abrazado á cruz*, *Visión do Apocalipse* ou na *Vista de Toledo*.

De maneira iconográfica, aparecen representados os elementos más identificativos da vida deste santo:

- O propio hábito da orde franciscana: o saio que veñen usando dende a época medieval.
- O cordón que san Francisco usaba a modo de rústico cinto atando o saio. Os tres nós simbolizan os votos de pobreza, obediencia e castidade.
- Os pés descalzos redundan na pobreza e na humildade
- As tres mitras arcebispais, aos seus pés, fan referencia á humildade de rexeitar tres bispados (Siena, Ferrara e Urbino).
- O libro na man representa a predicación da palabra de Deus
- O báculo ou bastón, coroado cun disco iluminado ou sol que contén o monograma de Xesús (letras IHS) símbolo de San Bernardino.